

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 28/12/2020  
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 28/12/2020 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21 de decembro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2020/4721**

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade informando sobre as novidades acerca da rede de transporte público en autobús que afectan a este Concello. E que a partir do 23 de decembro botan a andar en varias zonas de Galicia 19 novos contratos, que se unen aos que xa están funcionando nestes momentos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2020/4722**

Dáse conta do Convenio de cooperación educativa entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas por parte do alumnado matriculado en calquera ensinanza impartida pola Universidade ou polos centros adscritos a esta. Así mesmo inclúe o estudantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopan cursando estudos na Universidade de Vigo ou nos centros adscritos a esta.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio de cooperación.

**PRP2020/4724**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños de Faxilde solicitando o arranxo de deficiencias na Parroquia (arranxo marquesiña Rúa Sobrán, arranxo no Centro Social, pellets para as estufas do mesmo, etc).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se lles convocará proximamente a unha reunión á Asociación de Veciños de Faxilde para tratar os temas expostos no escrito.

#### **PRP2020/4725**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños de Faxilde en relación coa imposibilidade de varias vivendas da zona de conexión á auga potable e saneamento e solicitando a solución dos problemas existentes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que se procederá proximamente a convocar unha reunión para tratar os temas expostos coa Asociación de Veciños de Faxilde.

#### **PRP2020/4726**

Dáse conta de informe do Responsable do Servizo de Medio Ambiente en relación coa sinalización de obras na Estrada PO-305, á altura do cruce de Castroagudin, por mor dunha denuncia por danos causados a un vehículo, no que indica:

O día que se ocasionaron os danos estaba colocado sinal de "Desbroces en calzada".

A minipá varredora coa que se estaba a traballar ten faro rotativo e estaba en funcionamento

Todo o persoal que está a traballar na brigada ten os EPI's homologados para realizar as tarefas que lle son encomendadas.

En canto ás pantallas protectoras de evitar proxección á zona de tránsito e conos de balizamento non se teñen suficientes no servizo para sinalizar todo o longo dos traballos que se estaban a realizar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que polo Servizo de Medio Ambiente se soliciten orzamentos para a adquisición de pantallas protectoras para as zonas de tránsito.

#### **PRP2020/4745**

Vista a Proposta da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, polo importe de 304.000,00€, correspondente á aportación do Concello para o sostemento dos gastos da Fundación do ano 2020, coa seguinte desagregación:

- Gastos correntes: 275.000,00 €, con cargo á partida 341.410.
- Investimentos: 29.000,00 € con cargo á partida 341.710

#### **PRP2020/4799**

Dáse conta do escrito remitido polo Servizo Provincial de Pontevedra, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en relación coa petición feita dende a Asociación de Veciños de Miramar de instalación de un paso de peóns na contorna do p.q. 1+690 de xeito que absorba o tránsito de peóns que veñen das rúas "Bouza de Abaixo" e "San Cibrán" e que de xeito alternativo atravesan a estrada autonómica para acceder a diversos establecementos dispostos nas marxes de dita estrada, no que indican que parece adecuada a instalación de dito paso de peóns, sempre con regulación semafórica para unha correcta seguridade vial do paso.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda conceder a autorización para a instalación do devandito paso de peóns con regulación semafórica.

Así mesmo acórdase a conexión dos semáforos ao cadro eléctrico mais próximo titularidade do Concello, asumindo o Concello os custes de subministro eléctrico e de mantemento e

conservación de dita instalación.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2020/4705**

Dáse conta da documentación xustificativa aportada pola Entidade Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa - AREVA, en relación coa subvención de carácter nominativo concedida a través do convenio suscrito para o ano 2020.

Visto o informe da Intervención Municipal, do que se desprende que a documentación presentada está correcta, a excepción do Anexo IV da Xunta de Galicia, no que sinalan o importe total xustificado pero non os datos que realmente se pinden das facturas presentadas, aos efectos de comprobar que non se presentan as mesmas facturas que na subvención do Concello, polo que tendo en conta que non se xustifican a totalidade de subvencións públicas que constan no Anexo II e Balance Final, a Xunta de Goberno Local acorda non aceptar a documentación xustificativa aportada e por tanto denegar o recoñecemento da cantidade de 1.500,00 €.

#### **PRP2020/4706**

Dáse conta da documentación xustificativa aportada pola Entidade Asociación Galega de Linfedema, en relación coa subvención de carácter nominativo concedida a través do convenio suscrito para o ano 2020, por importe de 1.300,00 €.

Visto o informe da Intervención Municipal, do que se desprende que a documentación foi presentada fóra do prazo que figura no convenio asinado, a Xunta de Goberno Local acorda denegar o recoñecemento da cantidade de 1.300,00 €.

#### **PRP2020/4707**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Asociación Española contra o Cancro, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación á enfermidade de cancro, así como á atención integral a persoas afectadas e a súa contorna durante o ano 2020.

#### **PRP2020/4708**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Sagrado Corazón de Jesús, por importe de 15.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actividades e actuacións no marco da atención a persoas maiores de 60 anos e/ou dependentes durante o ano 2020.

#### **PRP2020/4715**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Cáritas Diocesana de Santiago-Interparroquial de Arousa, por importe de 5.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actividades e funcionamento do Centro San

Cibrán durante o ano 2020.

**PRP2020/4718**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Asociación Con Eles, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actuacións realizadas dende o centro destinadas a persoas en situación de discapacidade durante o ano 2020.

**PRP2020/4741**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Cruz Vermella O Salnés, por importe de 6.539,63 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento do protocolo de colaboración e coordinación para dar resposta á necesidade inmediata, durante o ano 2020.

**PRP2020/4742**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Asociación Amencer-Aspace, por importe de 18.150,00 €, con cargo á partida 231.78002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para adquisición dun bambán adaptado para as persoas usuarias do Centro Princesa Letizia no ano 2020.

**PRP2020/4743**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Cruz Vermella O Salnés, por importe de 84.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actividades no Albergue de Transeuntes durante o ano 2020.

**PRP2020/4744**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Fundación Galega contra o Narcotráfico, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actuacións e accións encamiñadas á prevención e sensibilización no ámbito das adicións e drogodependencias durante o ano 2020.

**PRP2020/4704**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de Fundación Monte do Gozo, por importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento de actuacións e actividades destinadas á prevención de drogodependencias e intervencións integrais vinculadas a situacións persoais de dependencia de substancias tóxicas durante o ano 2020.

**PRP2020/4717**

Vista a documentación aportada e os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda o

recoñecemento de obriga a favor de Cáritas Diocesana de Santiago-Interparroquial de Arousa, por importe de 35.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 polo concepto de Subvención nominativa concedida para o desenvolvemento do Centro-Comedor Social, durante o ano 2020.

#### **PRP2020/4755**

Dáse conta da sinatura do convenio relativo ás medidas de protección fronte ao Covid suscrito entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Entidade Cruz Roja Española.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2020/4756**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais e co fin de reducir a carga administrativa e os procedementos para facer efectivas as axudas de alimentación e farmacia está a producir en distintas áreas, á vez que dignificar o procedemento para as persoas perceptoras, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Entidade CAIXABANK SA o subministro de tarxetas prepago para axudas de inclusión social, por importe de 900,00 € para o no 2021, con cargo á partida 231.22699.

#### **PRP2020/4757**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a prestación do servizo de Teleasistencia Domiciliaria 2021 a Cruz Roja Española por un importe total estimado de 6.000 €, con cargo á partida 231.22643, sendo o custe por persoa de cada terminal de 17,50 €/mes ou 20,00 € (en caso de modalidade GSM de non ter teléfono fixo) (IVE exento).

### **EMPREGO**

#### **PRP2020/4321**

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, presentada por ROBERTO REY RODRIGUEZ, NIF: 39487269H e domicilio de Avenida DOUTOR TOURON Nº: 46 Lt: B 7, 36600 Vilagarcía e dirección E-mail a efectos de notificacións adm- ivl@admasesores.com, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiario do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2020 Concello de Vilagarcía, e por tanto a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente, o recoñecemento da obriga de pagamento a favor da solicitante, por importe de por contía de MIL TRESCENTOS DEZANOVE EUROS (1.319,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.PROMECON/2020/000751

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

#### **PRP2020/4654**

Dáse conta do escrito presentado vía mail o 16 de decembro de 2020, por AFYT asesores en

representación de ISABEL FUENTES BORRAJEIROS (LENCERÍA SABELA) xuntando o resgardo de reintegro da axuda percibida á que renunciou o 3 de agosto de 2020.

En sesión de XGL de 20 de xullo de 2020, acordouse conceder a ISABEL FUENTES BORRAJEIROS NIF 35435459A, unha axuda dentro do PROGRAMA DE AXUDAS Á REACTIVACION ECONÓMICA COVID 19 por importe de 500 euros.

A data de hoxe, procédese a trasladar o resgardo de reintegro ao departamento de tesourería e tendo en conta a renuncia e o reintegro da mesma,

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia da axuda concedida dado que xa de procedeu ao reintegro do importe da mesma.

PROMECON/2020/000372

#### **PRP2020/4674**

En sesión de XGL de data 20 de xullo de 2020 (PRP2020/2179), acórdase aprobar a convocatoria das bases de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes nos obradoiros de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

En sesión de XGL de 28 de setembro de 2020 (PRP2020/3361), acordouse a aprobación con carácter provisional da axuda solicitada pola empresa ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA S.L.U. CIF B94000486 con domicilio en Rúa Méndez Núñez 2, 2º-pta. 3- 36600 de Vilagarcía de Arousa, pola contratación dunha persoa participante no Obradoiro de Emprego dual do Concello de Vilagarcía de Arousa na especialidade de ATENCIÓN SOCIOSANITARA A PERSOAS NO DOMICILIO, procedendo a efectuar a correspondente retención de crédito por importe de 1.500 euros.

O pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión

A data de hoxe, non consta a este departamento que por parte da solicitante se xustificara a contratación de persoa algunha alumna do Obradoiro de Emprego, polo que a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto a retención de crédito acordada no seu día por importe de 1.500,00 €.

#### **PRP2020/4686**

Revisado o expediente de referencia de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á Reactivación da Actividade Económica:

SOLICITANTE	ABUÍN RODRÍGUEZ ANA MARÍA
DOMICILIO	Arzobispo Gelmirez 23, baixo
ESTABLECEMENTO	ZAPATERIA GENY
SITUACIÓN	Arzobispo Gelmirez 23, baixo
NIF/CIF	35428298H
Mail	genylanueva@gmail.com
PROMECON/2020/000148	

Infórmase que, segundo solicitude formulada e declaración responsable asinada pola mesma, a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas aprobadas como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, e, por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión da axuda solicitada por contía de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €), con cargo á partida 4311.470.

A resolución aprobatoria da concesión de axuda, terá carácter provisional. Porén, unha vez

presentada en forma e prazo a xustificación das perdas económicas sufridas durante a permanencia do estado de alarma, mediante a aportación da documentación establecida na Base Décima, apartado 2 das bases reguladoras, a presente resolución terá carácter definitivo. A tal efecto, a partir da data de aboamento da axuda e dentro do prazo establecido na Base Décima da convocatoria o/a beneficiaria deberá aportar a devandita documentación xustificativa.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2020/4732**

Dáse conta de requirimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico no Polígono Industrial de Trabanca (CLAVE DH.D36.74531), no que conceden o prazo de un mes para que acredite as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que xa se procedeu á limpeza do camiño e á adopción das medidas para evitar que se produzan máis vertidos.

#### **PRP2020/4733**

Dáse conta de reiteración de requirimento complementario de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo terrestre no Porto de Vilaxoán (Clave DH.D36.73286), e solicitando que se acredite a execución das actuacións indicadas nas alegacións presentadas coa data de 16 de novembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que os residentes de Rúa Castelete nº 5 dispoñen de fosa séptica polo que non provocan os vertidos indicados.

O vertido pode proceder do lavadoiro situado na Urbanización Miramar e que serve de aliviadeiro para os colectores situados no Parque de Dona Concha.

#### **PRP2020/4734**

Dáse conta de reiteración de requirimento complementario de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico en O Lago-Cea (Clave DH.D36.73283), e solicitando antes do 15 de abril de 2021 se acredite a execución das actuacións anunciadas nas alegacións de data 16 de decembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que antes da data citada do 15 de abril se acreditará a adopción de medidas necesarias para evitar o vertido de augas residuais mediante a instalación dunha bomba de impulsión.

#### **PRP2020/4740**

Vista a Conta xustificativa da axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2020 concedida as AGRUPACIÓN DE NOVE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE VILAGARCÍA DE AROUSA, integrada polas comunidades de montes veciñais en man común de Trabanca Sardiñeira, Trabanca Badiña, Rubiáns, Cea, Guillán, Sobrán e Vilaxoán, Loenzo, Bamio e Fontecarmoa.

Visto o informe favorable do Departamento de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga o favor das seguintes comunidades de montes veciñais, polo concepto de “axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2020 coa seguinte desagregación por importe de setenta e sete mil setenta e oito euros con vinte e cinco céntimos (77.078,25 EUROS), con cargo á partida 170.489:

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
CDAD. DE MONTES EN MAN COMUN PARROQUIA DE RUBIÁNS	V-36532927	10.475,00 €
C.M.V.M.C. DE TRABANCA SARDIÑEIRA	V-36103125	10.888,50 €
COMUNIDAD DE MONTES TRABANCA BADIÑA	V-36301828	5.152,75 €
COMINIDAD DE MONTES VECINALES MANO COMÚN DE CEA	V-36156214	9.185,00 €
CMVMC DE GUILLÁN	V-36436319	10.901,00 €
CMMVVMC N3006 SOBRÁN E VILAXOÁN	V-36187995	8.451,00 €
COMUNIDAD DE MONTES EN MANO COMÚN DE LOENZO DE ARRIBA Y LOENZO DE ABAJO	V-36136430	8.196,00 €
CMMVVMC N3000 BAMIO	V-36116168	12.611,00 €
COMUNIDAD DE MONTES VECIÑAL FONTECARMOA	V-36187409	1.218,00 €
TOTAL		77.078,25 €

Tal e como se recolle na base 10 da convocatoria das axudas o pagamento desta poderase facer a favor do solicitante da axuda ou endosado a favor da empresada contratada pola comunidade para que realice os traballos. Tendo isto en conta, todas as comunidades solicitan o pagamento directo coa excepción da COMUNIDADE DE MONTES DE CEA, polo que se acorda o endoso a favor de REPOBOACIONES e DESBROCES DO NOROESTE S.L., con CIF B36262772, do importe concedido á Comunidade de Montes de Cea (9.185,00 €), de conformidade coa documentación aportada.

## **PRP2020/4408**

Vista a Conta xustificativa da subvención nominativa concedida á ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DE VILAGARCÍA CIF G-36252351.

Visto o informe de comprobación de servizos prestados do xefe do servizo municipal de protección civil e emerxencias e o informe favorable do Departamento de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga o favor da ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMALES DE VILAGARCÍA CIF: G-36252351, polo concepto de “subvención nominativa para a xestión do refuxio de animais domésticos de Pinar do Rei (canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas sitas no término municipal de Vilagarcía de Arousa” no exercicio 2020 por importe de vinte e cinco mil euros (25.000 €), con cargo á partida 311.48404.

## **TURISMO**

### **PRP2020/4748**

Na Xunta de Goberno celebrada o 6/11/2020, acordouse a modificación do proxecto, financiado pola GAILP5, PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E SANTIAGO.

Quedou como se expón a continuación:

- Para a execución dos 5 paneis, divídese a tarefa en 2 traballos



CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
Fabricación de soportes en chapa plegada	FORJAROUSA, S.L.	2.329,25 €	
5 sustratos rígidos aluminio (o panel de cada soporte)	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	293,91€	

- O vídeo e audioguías

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
A grabación de vídeo e das audioguías	Rafael Sabugueiro Sánchez	3.838,24 €	

O 30/11/2020 solicitouse o aprazamento da execución do proxecto, alegando as seguintes causas:

- As dificultades para a gravación do vídeo, que se pretende sexa un elemento fundamental na promoción do turismo mariñeiro, motivadas por 3 causas
  - – O paro que está a afectar ao marisqueo a pé en Carril, e que se prevé longo.
  - – O peche da hostalería, que imposibilita recoller na película unha cociña dun restaurante no que se estean a elaborar as ameixas de Carril e o comedor cheo.
  - – As rúas de Carril teñen, en calquera hora do día e por causa da pandemia, moita menos xente da que é habitual.
- Solicitáronse os permisos oportunos para a instalación dos paneis incluídos no proxecto. 3 son competencias do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, Servicio Provincial de Costas, que xa informou favorablemente. Dos outros dous, a autorización corresponde á Consellería do Mar, Portos de Galicia, e da que, logo de requirir máis documentación sobre o proxecto, aínda non se ten recibido notificación. Esta cuestión resulta fundamental na execución, xa que os paneis están previstos en lugares determinados e o texto corresponde a ese sitio.

Dáse conta agora á Xunta de Goberno da Resolución da Consellería do Mar, aprobando o reaxuste de anualidades ata o 30 de setembro de 2021, polo que a execución do proxecto por anos queda:

A realizar no 2020:

Execución dos 5 paneis, divídese a tarefa en 2 traballos

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
Fabricación de soportes en chapa plegada	FORJAROUSA, S.L.	2.329,25 €	

O vídeo e audioguías

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
Parte da gravación de vídeo	Rafael Sabugueiro Sánchez	2.299 € (1)	

Total ano 2020: 4.628,25 €

A realizar no 2021

Execución dos 5 paneis

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
5 sustratos ríxidos de aluminio (o panel de cada soporte)	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	293,91€	

## O vídeo e audioguías

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE ENGADIDO)	(IVE
Finalización do vídeo e gravación das audioguías	Rafael Sabugueiro Sánchez	1539.24€	

TOTAL ANO 2021: 1.833,15 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o reaxuste de anualidades pppara o proxecto "Promoción do turismo mariñeiro no contorno de Carril e Cortegada, quedando do seguinte xeito:

- 4.628,25 €, con cargo á partida 432.62700 con cargo á anualidade de 2020.
- 1.833,15 € con cargo á partida 432.62700 con cargo á anualidade de 2021.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### CONSUMO

#### PRP2020/4675

Dase conta do informe emitido polo Responsable do Servizo de Alumeado onde indica que a empresa Idelnor procedeu a reparación dos danos causados o día 28/04/2018, nunha farola na Rúa Maceiras, polo vehículo matrícula 2361CKB.

A empresa Proyectos, Gestión y Servicios, S.L. (IDELNOR), procedeu a reparar os danos ocasionados, ascendendo o importe a 1.666,65 € (IVE incluído).

No Xulgado n.º 2 do Penal de Pontevedra envían mandamento de pago a favor do Concello polo citado importe.

Polo exposto, aXunta de Goberno Local acorda o reintegro á empresa Proyectos, Gestión y Servicios, S.L. do importe citado de 1.666,65 €.

### SPAD

#### PRP2020/4730

Dáse conta de informe da Coordinadora do SPAD no que indica que con data 18 de decembro de 2020 notificouselle que a Xunta de Galicia asinou o Convenio polo que se outogan axudas aos Concellos para os gastos derivados do desenvolvemento de programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, correspondendo unha axuda de 381.385,233 € que subvencionará o período entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## CULTURA

#### PRP2020/4736

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actividade "RECEPCIÓN REIS MAGOS 2021", por un importe total de 17.841,45 €, que se levará a cabo entre os días 2, 3, 4 e 5 de xaneiro en Fexdega, e a súa adxudicación á Empresa Jarabe Eventos y Comunicación SL, polo citado importe, con cargo ao ano 2021 e á partida 338.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Fáise constar que en caso de cancelación do acto, por mor de novas medidas sanitarias polo COVID-19, o Concello asumirá o gasto que ata ese momento se producira, sempre que se xustifique debidamente coa presentación da correspondente documentación.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2020/4687**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 4 de decembro de 2020, polo que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha achega de 18.044,81 € para Obras de conservación e mantemento do edificio histórico da Casa do Concello de Vilagarcía, podendo presentar a documentación xustificativa ata o 30 de xuño de 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2020/4700**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María de la O Fernández gonzález en relación cos traballos que se están a realizar no Xacemento de Castro Alobre e solicitando que o Concello vixie a intervención que se está a realizar co obxectivo de evitar danos que prexudiquen o potencial do Castro e futuras actuacións nas que se descubran novos achados, así como información das xestións realizadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2020/4759**

Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- A participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño.

2º.- As actuacións para as que se solicita a subvención no marco do Programa Operativo FEDER, son as que compoñen o proxecto singular subvencionable incluídas no "Proxecto de Renovación, Mellora da eficiencia enerxética e adaptación ao Regulamento de Eficiencia Enerxética R.D. 1890/2008 do Alumeado Público do Concello de Vilagarcía de Arousa", cun orzamento total de 567.237,96 €.

3º.- Aprobar a Memoria descritiva do Proxecto de Renovación, Mellora da eficiencia enerxética e adaptación ao Regulamento de Eficiencia Enerxética R.D. 1890/2008 do Alumeado Público do Concello de Vilagarcía de Arousa, redactada polo Enxeñeiro Industrial D. Antonio Capelo García e o Técnico Municipal D. Ramón Caldas Ferro, co orzamento indicado de 567.237,96 €

4º.- Aceptar o compromiso de habilitar crédito suficiente no Orzamento Municipal para financiar o proxecto formulado, no caso de que o mesmo resulte seleccionado na convocatoria.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2020/4714**

Visto o expediente de gasto INT/2020/633 integrado pola relación de xustificantes F/2020/112

por importe de 2.701,39€.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal:

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2020/112, por importe de 2.701,39€ coa seguinte desagregación:

N° de Documento	Data Dto.	Importe Total	Nome	Texto Explicativo	Programa	Economica
F200016106	31/07/2020	5,98	DOCUM. IMAGEN NOROESTE S.L.	E CUOTA MANTENIMIENTO SPAD / COP.BYN A4 T: 474 / COP.BYN A4 T DESCONTADAS: 474 / COPIAS 30/06/20:72,342 - 31/07/20:72,816	2311	22000
F200016108	31/07/2020	2.612,75	DOCUM. IMAGEN NOROESTE S.L.	E CUOTA MANTENIMIENTO CENTRO DE COSTE 920 / COP.COLOR A4: 11,731 / COP.COLOR A4 DESCONTADAS: 11,731 / COPIAS 30/06/20:51,3	920	22000
F200016110	31/07/2020	29,37	DOCUM. IMAGEN NOROESTE S.L.	E CUOTA MANTENIMIENTO CENTRO DE COSTE 325 / COP.COLOR A4: 94 / COP.COLOR A4 DESCONTADAS: 94 / COPIAS 30/06/20:14,740 - 31/	3261	22000
F200016107	31/07/2020	25,51	DOCUM. IMAGEN NOROESTE S.L.	E CUOTA MANTENIMIENTO ESCOLA DE MUSICA / COP.COLOR A4: 190 / COP.COLOR A4 DESCONTADAS: 190 / COPIAS 30/06/20:68,771 - 31/0	3262	22000
F200016105	31/07/2020	9,67	DOCUM. IMAGEN NOROESTE S.L.	E COUTA DE MANTENIMIENTO CENTRO MATOSIÑOS / COP.BYN A4 T: 767 / COP.BYN A4 T DESCONTADAS: 767 / COPIAS 30/06/20:52,667 - 3	241	22000
F200016109	31/07/2020	18,11	DOCUM. IMAGEN NOROESTE S.L.	E CUOTA MANTENIMIENTO CENTRO DE COSTE 332 / COP.BYN A4 T: 1,437 / COP.BYN A4 T DESCONTADAS: 1,437 / COPIAS 30/06/20:98,322	3321	22000
		2.701,39				

#### PRP2020/4719

Visto o expediente de gasto derivado da certificación N° DUAS (rex. 2020/9274) do contrato de obras FORMACIÓN DE RUTA DE ACCESO PEONIL A BERDÓN (2)SUBV N° 01/01/2020, por importe de 50.165,49€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a certificación N° DUAS (rex. 2020/9274), coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
2020 454 619	50.165,49	REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L.	CERT. DUAS FORMACIÓN RUTA ACCESO PEONIL A BERDÓN SUBV(2)01/01/2020.

#### PRP2020/4694

Visto o expediente de gasto derivado da certificación N° 5 (rex. 2020/9177) do contrato de obras MELLORA INTEGRAL DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DE FEXDEGA (2)OBRA N° 01/32/2018, por importe de 66.724,81€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a certificación N° 5 (rex. 2020/9177), coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
453-61900	66.724,81 €	MOVIM. ARIDOS Y CONSTRUCC. DE AROSA, S.L.	MELLORA INTEGRAL DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DE FEXDEGA (2)OBRA N° 01/32/2018

**PRP2020/4720**

Mediante escrito de 17 de decembro de 2020, con entrada na sede electrónica o 18/12/2020 (WEEB2020006455) pola mercantil ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. co CIF B94106663, preséntase escrito no que fai constar que para o contrato de obras ACONDIC. PARQUES INFANTÍS URB. PIÑEIRIÑO E DONA CONCHA, adxudicado plo Concello de Vilagarcía de Arousa en data 15/07/2019 a MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. co CIF B70374376 por importe de 51.763,80€, a reclamante foi subcontratada por traballos valorados en 11.911,24€ sen que na data da reclamación tivera recibido pago dos mesmos.

Sen prexuízo das obrigs que como contratista lle corresponderán á adxudicataria MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., consultada a contabilidade municipal polo Departamento de Intervención verificase que non existen obrigas pendentes de pago derivadas do referido contrato de obras, efectuándose o derradeiro pago correspondente á certificación N° 2 en data 03/07/2020:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
220190013063	AD	01/01/2020	2020 171 63200	51.763,80	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	ADXUD. OBRA (2) 01/27/2018, ACONDIC. PARQUES INFANTÍS URB. PIÑEIRIÑO E DONA CONCHA.
220200010271	O	27/04/2020	2020 171 63200	39.675,45	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CERTIFICACIÓN UN. ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTIS NA URBANIZACIÓN O PIÑEIRIÑO.
220200010905	P	11/05/2020	2020 171 63200	39.675,45	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CERTIFICACIÓN UN. ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTIS NA URBANIZACIÓN O PIÑEIRIÑO.
220200011039	R	15/05/2020	2020 171 63200	39.675,45	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CERTIFICACIÓN UN. ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTIS NA URBANIZACIÓN O PIÑEIRIÑO.
220200013148	O	15/06/2020	2020 171 63200	12.088,35	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CERTIF. DUAS OBRA (2) 01/27/2018, ACONDIC. PARQUES INFANTÍS URB. PIÑEIRIÑO E DONA CONCHA.
220200014220	P	25/06/2020	2020 171 63200	12.088,35	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CERTIF. DUAS OBRA (2) 01/27/2018, ACONDIC. PARQUES INFANTÍS URB. PIÑEIRIÑO E DONA CONCHA.
220200015918	R	03/07/2020	2020 171 63200	12.088,35	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	CERTIF. DUAS OBRA (2) 01/27/2018, ACONDIC. PARQUES INFANTÍS URB. PIÑEIRIÑO E DONA CONCHA.

En consecuencia non é posible atender o requerimento da mercantil ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. co CIF B94106663, do que dase conta a Xunta de Goberno Local

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se notifique o acordo a Zona de Obra O Rosal SL.

**PRP2020/4735**

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con N° de rexistro 2020/8659, derivado do contrato menor de subministro denominado "SOPORTES EN CHAPA PLEGADA DE HIERRO 3mm, PROXECTO: PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA", por importe de 2.329,25€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV(2) N° 01/03/2020.

Visto que o expediente consta a conformidade do Concelleiro delegado de Turismo.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga derivado para o xustificante de

gasto con rexistro de entrada 2020/8659 derivado do contrato menor de subministro denominado "SOPORTES EN CHAPA PLEGADA DE HIERRO 3mm, PROXECTO: PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA.", por importe de 2.329,25€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV(2) N° 01/03/2020 coa seguinte desagregación:

REXISTRO	Nº FRA.	DATA REXISTRO	PROVEDOR	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2020/8659	A 209	03/12/2020	FORJAROUSA, S.L.	SOPORTES EN CHAPA PLEGADA DE HIERRO 3mm, PROXECTO: PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA.	2.329,25	432-62700
			TOTAL		2.329,25	

### PRP2020/4758

Visto o expediente de gasto derivado da certificación N° 3-FINAL (rex. 2020/9500) do contrato de obras FORMACIÓN RUTA DE ACCESO PEONIL A BERDÓN (2)SUBV N° 01/01/2020, por importe de 11.327,97€.

Visto o Informe de Intervención referido ás variacións nas unidades certificadas no proxecto de referencia e que estas non superan o 10% establecido na lexislación vixente, así como das novas partidas introducidas que non superan o 3%

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a modificación do contrato inicial polas novas partidas introducidas e polo tanto a ampliación do importe adxudicado por un total de 1.809,63€
2. Aprobar as referidas variacións e polo tanto a ampliación do importe adxudicado por un total de 1.279,39€
3. O Recoñecemento de Obriga para a certificación nº3-final (rex. 2020/9500), coa seguinte deagregación:

Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
454-619	11.327,97	REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L.	CERT. TRES-FINAL FORMACIÓN RUTA DE ACCESO PEONIL A BERDÓN. SUBV(2) 01/01/2020

### PRP2020/4783

Visto o expediente de gasto derivado da factura V20 0244(rex. 2020/9499) do contrato de subministro DUN CAMION CON EQUIPO ASPIRADOR-IMPULSOR DESTINADO Á LIMPEZA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, PROXECTO: OBRA(2) N° 01/45/2018, por importe de 1.56.090,00€ presentada no rexistro contable en data 22/12/2020.

Vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal.

Visto que a Instrucción pola que se regulan as operacións de peche contable do exercicio 2020 indican no seu punto 4.4.c a excepcionalidade para aqueles expedientes de gasto financiados por transferencias finalistas de outras Administracións.

Dado que o presente expediente está financiado con fondos do Plan Concellos 2018 e debe procederse á súa xustificación ante o organismo Provincial que concedeu a subvención.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a factura V20 0244(rex. 2020/9499), coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
2020 161	156.090,00	AUTOMOCION LA	IMPORTE POR LA VENTA DE LA SIGUIENTE UNIDAD NUEVA: MARCA: IVECO

**PRP2020/4784**

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con N° de rexistro 2020/9523, derivado do contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO DE 42 CONTENEDORES PARA FRACCIÓN ORGÁNICA CON CARGA TRASEIRA DE 700 LITROS", por importe de 13.753,97€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) N° 01/08/2020.

Visto que pese a data de rexistro contable, a imputación do presente gasto con cargo o exercicio 2021 tería cabida na excepción recollida no artigo 4.4 c) da Instrucción de peche contable do exercicio 2021.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga derivado para o xustificante de gasto con N° de rexistro 2020/9523, derivado do contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO DE 42 CONTENEDORES PARA FRACCIÓN ORGÁNICA CON CARGA TRASEIRA DE 700 LITROS", por importe de 13.753,97€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) N° 01/08/2020, coa seguinte desagregación:

REXISTRO	N° FRA.	DATA REXISTRO	PROVEDOR	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2020/9523	201107864	23/12/2020	BAYGAR, S.L.	SUBMINISTRO DE 42 CONTENEDORES PARA FRACCIÓN ORGÁNICA CON CARGA TRASEIRA DE 700 LITROS	13.753,97	170-62300
			TOTAL		13.753,97	

**PRP2020/4785**

Visto o expediente de gasto derivado da factura Emit-202012136(rex. 2020/9507) do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE DÚAS MARQUESIÑAS (RÚA CONGOSTRA-CASTROGUDÍN E AVENIDA DE CORNAZO-PARADELA)", PROXECTO: POS18(2) N° 01/04/2020, por importe de 9.517,50€ presentada no rexistro contable en data 22/12/2020.

Vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal.

Visto que a Instrucción pola que se regulan as operacións de peche contable do exercicio 2020 indican no seu punto 4.4.c a excepcionalidade para aqueles expedientes de gasto financiados por transferencias finalistas de outras Administracións.

Dado que o presente expediente está financiado con fondos do Plan Concellos 2018 e debe procederse á súa xustificación ante o organismo Provincial que concedeu a subvención.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a factura Emit-202012136(rex. 2020/9507), coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
2020 1530 62500	9.517,50	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	CONTRATACIÓN PRP2020/4323, 2 UD GL-MA013-3M SUBMINISTRO E INSTALACIÓN MARQUESIÑAS. (CONTRATACIÓN PRP2020/4323 GL-MA013-

**PRP2020/4786**

Visto o expediente de gasto derivado da certificación N° 2-FINAL(rex. 2020/9513) do contrato de obras PLAN ASFALTADOS CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-1ª FASE (2)POS19 N° 01/08/2019, por importe de 44.892,61€ presentada no rexistro contable en data 22/12/2020.

Visto o Informe de Intervención referido ás variacións nas unidades certificadas no proxecto de referencia e que estas non superan o 10% establecido na lexislación vixente.

Visto que a Instrucción pola que se regulan as operacións de peche contable do exercicio 2020 indican no seu punto 4.4.c a excepcionalidade para aqueles expedientes de gasto financiados

por transferencias finalistas de outras Administracións.

Dado que o presente expediente está financiado con fondos do Plan Concellos 2019 e debe procederse á súa xustificación ante o organismo Provincial que concedeu a subvención.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar as referidas variacións e polo tanto a ampliación do importe adxudicado por un total de 7.613,73€
2. O Recoñecemento de Obriga para a certificación nº2-final (rex. 2020/9513), coa seguinte desagregación:

Aplicación	Importe	Nome Ter.	Texto Libre
454-619	18.467,03	ASFALGAL VIARIAS, S.L.	TECNICAS CERT. DUAS-FINAL PLAN ASFALTADOS CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-1ª FASE (2)POS19 Nº 01/08/2019

### **PRP2020/4787**

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con Nº de rexistro 2020/9509, derivado do contrato menor de subministro denominado "1º PARTE GRABACIÓN VIDEO E AUTOGUÍAS PROXECTO: PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA", por importe de 2.299,00€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV(2) Nº 01/03/2020.

Visto que o expediente consta a conformidade do Concelleiro delegado de Turismo.

Visto que pese a data de rexistro contable, a imputación do presente gasto con cargo o exercicio 2021 tería cabida na excepción recollida no artigo 4.4 c) da Instrucción de peche contable do exercicio 2021.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga derivado para o xustificante de gasto con rexistro de entrada 2020/9509 derivado do contrato menor de servizos denominado "1º PARTE GRABACIÓN VIDEO E AUTOGUÍAS PROXECTO: PROMOCIÓN DO TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA", por importe de 2.299,00€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV(2) Nº 01/03/2020, coa seguinte desagregación:

REXISTRO	Nº FRA.	DATA REXISTRO	PROVEDOR	DESCRICIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2020/9509	R 3	22/12/2020	RAFAEL PEDRO SABUGUEIRO SANCHEZ	PROXECTO-TURISMO MARIÑEIRO NO CONTORNO DE CARRIL E CORTEGADA	2.299,00	432-62700
			TOTAL		2.299,00	

### **PRP2020/4788**

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con Nº de rexistro 2020/9151, derivado do contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO MATERIAL INFORMÁTICO CONSERVATORIO DE MÚSICA", por importe de 14.355,62€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS20 (2) Nº 01/04/2020.

Visto que o expediente consta a conformidade técnica da directora do Conservatorio.

